

I.E.S. Santiago Basanta Silva
Vilalba (Lugo)

Proxecto Didáctico

Departamento de Relixión

Curso 2007 - 2008

INDICE XERAL

1. Introdución
2. Dimensións da materia
3. Competencias Básicas
4. Proxecto didáctico da ESO
5. Proxecto Didáctico Bacharelato
6. Criterios metodolóxicos
7. Distribución do alumnado
8. Actividades
9. Avaliación
10. Atención a diversidade
11. Temas transversais
12. Materiais de apoio
13. Libros de texto

1. INTRODUCCIÓN

Cando falamos da materia de Relixión e Moral Católica temos que partir de: que é unha materia voluntaria que elixen os pais e nais para os seus fillos e fillas.

Persigue as seguintes finalidades:

- Presentar a mensaxe cristiá de forma que permita o diálogo entre fe e cultura.
- Incorporar o saber da fe no conxunto dos demais saberes.
- Educar a dimensión relixiosa da persoa no conxunto dunha formación integral.
- Amosar os valores do humanismo cristián para que adquira Compromisos solidarios conforme a doutrina social da Igrexa.
- Proporcionar ó alumnado as claves necesarias que o axuden a tomar conciencia da súa persoa, das súas accións e capacidades, para que poda adquirir un compromiso solidario.
- Capacitar ó alumnado para o diálogo e o respecto a outras crenzas e culturas presentes na sociedade na que vivimos.
- Coñecer a misión da Igrexa e o seu labor de forma que lle permite ó alumnado valorar a súa palabra e testemuño.

Tamén buscar que o alumnado:

- Sexan unhas persoas responsables, conscientes, constructivas, críticas e libres.
- Contribúan dando clave relixiosa a potenciar e completar a acción educativa e aporte solidez á propia identidade humana.
- Adquiran uns criterios e unha visión persoal da vida, do home e da historia, dende un ha actitude crítica e responsable, a fin de aceptar, rexeitar ou respectar as diferentes crenzas, ideas ou valores diferentes os seus.

A área de Relixión e Moral Católica contribúe a formación integral da persoa cunhas apartacións propias:

- ✕ Parte do contorno no que desenvolve o alumnado e axúdao na creación de relacións interpersoais e na inserción social.
- ✕ Dálle capacidade para situarse de forma aberta, crítica e exenta de prexuízos na sociedade na que vive.
- ✕ Favorece que o alumnado aprenda a identificarse con diferentes grupos sociais e relixiosos e a tomar compromisos concretos que se derivan da pertenza a eixes.

- ✕ Facilita a análise das características socioculturais da parroquia ou comunidade na que vive e axúdao a descubrir os procesos históricos e as manifestacións da historia, e a comprender a nosa realidade social, cultural e humana.

Deberíamos pararnos tamén nun aspecto importante: esta área intégrase na actividade educativa co resto das áreas, xa que se parte da base de que é moi importante co alumnado perciba dende o primeiro momento a relación entre fe e cultura. Esta relación non existiría senón hai conexión con outras ciencias e coas experiencias máis significativas da vida.

No desenvolvemento das actividades ó longo do curso faranse moitas veces referencias a diversas áreas: ciencias sociais, lingua e literatura, ciencias da natureza, música, plástica, e incluso matemáticas.

Por exemplo, cando estudiamos os períodos históricos nos que se sitúan os acontecementos bíblicos, os linguaxes e os xéneros literarios na Biblia, os contextos xeográficos, o manexo de mapas e cadros cronolóxicos. etc.

A materia observará e concretará os principios de carácter psicopedagóxico que constitúen a referencia esencial para unha formulación curricular coherente e integradora entre todas as disciplinas dunha etapa que debe respectar un carácter común á vez que respectuoso coas diferenzas individuais. Son os seguintes:

- A nosa actividade como profesores será considerada como mediadora e guía para o desenvolvemento da actividade constructiva do alumno. Terá como referente o desenvolvemento das competencias básicas da Educación Básica.
- Partiremos do nivel de desenvolvemento do alumno, o que significa considerar tanto as súas capacidades como os seus coñecementos previos.
- Orientaremos a nosa acción a estimular no alumno a capacidade de aprender a aprender.
- Promoveremos a adquisición de aprendizaxes funcionais e significativas.
- Buscaremos formas de adaptación na axuda pedagóxica ás diferentes necesidades do alumnado.
- Impulsaremos un estilo de avaliación que sirva como punto de referencia á nosa actuación pedagóxica, que proporcione ao alumno información sobre o seu proceso de aprendizaxe e permita a participación do alumno no mesmo a través da autoavaliación e a coavaliación.
- Fomentaremos o desenvolvemento da capacidade de socialización e de autonomía do alumno.

Os contidos da materia preséntanse organizados en conxuntos temáticos de carácter analítico e disciplinar. No en tanto, estes conxuntos integraranse na aula a través de unidades didácticas que favorecerán a materialización do principio de inter e intradisciplinariedade.

2. DIMENSIONS DA MATERIA

A ensinanza relixiosa católica desenvólvese especialmente en catro grandes dimensións:

- A **dimensión cultural e histórica** está presente na ensinanza relixiosa, dado que o patrimonio cultural, histórico e antropolóxico-axiolóxico que gran parte das sociedades reciben do pasado está vertebrado por contidos relixiosos. Por elo, o currículo da opción confesional católica ensina a incidencia que o cristianismo -nos seus contidos doutrinais e súas formas históricas- tivo e ten na cultura española e europea.
- A **dimensión humanizadora** da opción católica constitúe unha apartación eficaz na maduración da personalidade integral do alumno, enraizando os mesmos obxectivos do sistema educativo nun núcleo referencial de ideas, valores e crenzas que permiten ó alumno dar resposta as súas interrogantes máis radicais, facendo a súa vez posible a formación de homes e mulleres conscientes, críticos, libres e creadores.
- A **dimensión ético-moral** explícita as esixencias morais que conleva a mensaxe cristián. A ensinanza relixiosa católica expón, fundamenta e xerarquiza os valores e virtudes capaces de educar a dimensión moral e social da personalidade do alumno, en orden a facer posible a maduración na responsabilidade, o exercicio da solidariedade e da caridade. Todo elo, como expresión coherente do coñecemento de Deus revelado en Xesús Cristo.

3. COMPETENCIAS BÁSICAS

A ensinanza da relixión católica na escola atense á finalidade propia de esta, que é a formación plena do alumnado mediante os sistemas propios de aprendizaxe que se concretan no currículo e os eu desenvolvemento.

As propostas da ensinanza relixiosa católica constitúen en si mesmas unha cosmovisión do mundo, da vida e do ser humano que fan posible a formación integral. Todo elo realízase mediante a presentación sistemática, orgánica e científica da mensaxe, vida e persoa de Xesús Cristo, presente na súa Igrexa, avalada pola Escritura, pola Tradición e o Maxisterio da Igrexa, transmitida a través da acción educativa de profesor coa súa preparación científico-técnica e o seu testemuño cristián.

As aportacións desta ensinanza conforman unha maneira de ser e de vivir no mundo, de tal maneira que os principios, valores e actitudes que xera axudan ó alumnado a situarse lucidamente ante a tradición cultural, a coñecer e ofrecer os elementos básicos do cristianismo xeradores de cultura e, por ende, a insertarse cooperativa e criticamente na sociedade.

Con todo, as competencias básicas, como son as interpersoais, interculturais, sociais e cívicas e a comunicación lingüística adquiren neste área elementos básicos para a súa adquisición ó longo da ensinanza obrigatoria. Toda persoa ten necesidade dunha base sólida sobre a que construír a existencia persoal e social. Os adolescentes fanse preguntas profundas sobre o sentido da súa existencia que esixen unha resposta, á vez que transcendente, de carácter universal e estable. Hai que ter en conta que nestas idades desenvólvese a razón formal, e a súa capacidade de abstracción e xeneralización de conceptos. É capaz de analizar e sintetizar elementos distintos e plurais, inducir e aplicar símbolos e signos a súa propia vida e á realidade circundante. É precisamente nesta etapa na que certa inquietude vital xurde e comeza a facerse as preguntas da existencia e especialmente a súa actitude persoal ante o relixioso con relación a súa propia vida persoal e social. Estes rapaces demandan modelos de vida auténticos, dende a materia de relixión católica vaise insistir na proposta explícita da persoa de Xesús Cristo, os principios que de dimanan del. Os valores que xera e as actitudes que brota a fin de que o alumnado reflexione seriamente acerca da conduta persoal e social.

Elo esixe unha información sólida sobre o feito relixioso. A ensinanza relixiosa está presente e axuda á conformación das competencias fixadas nos Reais decretos de ensinanzas mínimas, tendo en conta que as competencias básicas son “aquelas que sustentan a realización persoal, a inclusión social e a cidadanía activa”, algunhas de elas teñen unha especial relación coa acción educativa da relixión católica,

e incluso, podería afirmarse que outras, si se prescinde da realidade relixiosa, carecerían de elementos importantes para a súa adquisición e desenvolvemento.

Entre outras propoñemos as seguintes:

1. Competencia en comunicación lingüística.: O diálogo da fe coa cultura contribúe á competencia en *comunicación lingüística*, na medida en que esixe exercitarse na escoita da palabra de Deus, a exposición dos seus contidos e aplicación á cultura e ás distintas formas de vida social, así como á argumentación adecuada a esta idade e sempre presente na ensinanza relixiosa.

Por outra parte, é propio da ensinanza relixiosa católica a utilización dos diversos linguaxes e modos de comunicación que Deus utilizou na súa revelación ó ser humano. A súa revelación é rica en distintas linguaxes. Así, a linguaxe bíblica e a súa riqueza de expresión e simboloxía; a linguaxe doutrinal e a súa precisión conceptual, analítica e argumental; a linguaxe litúrxica e a súa cercanía a linguaxe dos símbolos do pobo cristián; a linguaxe, en fin, testimonial que fai posible a transmisión vital do crido.

Así mesmo, a ensinanza relixiosa católica no exercicio de aprendizaxe da mensaxe cristián capacita e permite ó alumnado expresar pensamentos, conviccións, vivencias e opinións e acostumarse ó discurso coherente e estruturado da fe cristián.

Tamén a análise de feitos sociais que se presentan na clase de relixión, como elementos motivadores da realidade evanxélica, posibilitan o enriquecemento do vocabulario.

2. Competencia social e cívica. Na competencia social e cívica intégranse os elementos esenciais para a humanización, elementos persoais, interpersoais e interculturais, e recollen tódalas formas de comportamento que preparan ás persoas para participar dunha maneira eficaz e constructiva á vida social e profesional.

A ensinanza relixiosa católica expón, fundamenta e xerarquiza os valores e virtudes capaces de educar a dimensión moral e social da personalidade do alumnado, en orden a facer posible a maduración da corresponsabilidade, o exercicio da solidariedade, da cooperación, da liberdade, a xustiza, a igualdade e a caridade; todo elo, como expresión coherente do coñecemento de Deus, revelado en Xesús Cristo e, ó mesmo tempo, como resposta ás grandes preguntas sobre o sentido da vida que xa nesta idade se formulan os alumnos/as.

3. Competencia cultural e artística. A contribución á competencia cultural e artística relacionase con os seus aspectos de coñecemento e valoración de toda a expresión artística, plástica, histórica, simbólica,

lingüística, de costumes, ritos, festas, valores e modos de vida impregnados polo cristianismo dende o seu orixe e seu desenvolvemento actual, como manifestación do feito relixioso. O alumnado non só vai a coñecer, senón que poderá comprender e asumir os valores que conleva o coñecemento do feito relixioso na súa expresión artística, cultural e estética, teolóxica e vivencial.

A cultura e a historia europea occidental, e a propia historia e cultura española e galega, non poden ser comprendidas e asumidas si se prescinde do feito relixioso presente sempre na historia cultural dos pobos.

A ensinanza relixiosa católica non só aporta á competencia cultural e artística uns coñecementos da arte e cultura con referencia relixiosa e uns destrezas, senón tamén o sentido e profundidade da súa presenza que remite a unha maneira concreta de ver a vida, de expresala e de vivir dende a aportación cristián á cultura.

4. A competencia de aprender a aprender. A área de a ensinanza relixiosa católica como área de coñecemento dentro do proceso de ensinanza-aprendizaxe que se leva a cabo na educación, contribúe ó desenvolvemento da competencia de ***aprender a aprender***, fomentando as capacidades de aprendizaxe: atención, memoria, experiencia..., o impulso do traballo en equipo, a síntese da información e opinión.

A ensinanza relixiosa católica axuda a ser protagonistas de seu propio aprendizaxe como resposta á vontade de Deus de que o ser humano colabore activa e libremente co plan de Deus. Por elo, aprender a aprender conleva non só unha proposta consensuada de sentimentos, valores e actitudes, senón un marco de referencia aceptado voluntariamente.

A ensinanza relixiosa católica proporciona ós alumnos e alumnas, o principio sobre o que o ser humano debe sentirse orgulloso e motivado como Fillo de Deus, para aprender e seguir aprendendo.

5. A competencia sobre autonomía e iniciativa persoal. En canto á autonomía e iniciativa persoal a ensinanza relixiosa católica impartida na escola, obxectivo irrenunciable da cal é formar á persoa dende dentro, liberalo de todo o que lle impide vivir libremente como persoa, conleva a súa efectiva referencia a unha determinada visión do home e a seu sentido último, para afirmalo, negalo ou prescindir de el.

É finalidade fundamental do quefacer da escola que os alumnos e as alumnas descubran a súa identidade persoal, pero isto non será posible sen unha apertura ó significado último e global da súa existencia humana.

6.A competencia no coñecemento e interacción co mundo físico. A relixión católica contribúe ó desenvolvemento da competencia no coñecemento e interacción co mundo físico a través da doutrina social da Igrexa, iluminando as respostas e as solucións ós problemas que xorden na interacción do ser humano co medio físico e con si mesmo. Tamén contribúe á valoración ética do uso da ciencia e da tecnoloxía.

A súa vez apoia e dá sentido ás habilidades e destrezas relacionadas coa ecoloxía que se adquiren dende esta competencia. O cristián entende a natureza como creación de Deus, polo que a valora, a coida e fomenta.

4. PROXECTO DIDÁCTICO DA ESO

4.1. Curso Primeiro

- 4.1.1 Obxectivos xerais
- 4.1.2. Obxectivos mínimos
- 4.1.3. Contidos
- 4.1.4. Unidades Didácticas
- 4.1.5. Criterios de avaliación

4.2. Curso Segundo

- 4.2.1.Obxectivos xerais
- 4.2.2. Obxectivos mínimos
- 4.2.3. Contidos
- 4.2.4. Unidades Didácticas
- 4.2.5. Criterios de avaliación

4.3. Curso Terceiro

- 4.3.1.Obxectivos xerais
- 4.3.2. Obxectivos mínimos
- 4.3.3. Contidos
- 4.3.4. Unidades Didácticas
- 4.3.5. Criterios de avaliación

4.4. Curso Cuarto

- 4.4.1.Obxectivos xerais
- 4.4.2 Obxectivos mínimos.
- 4.4.3. Contidos
- 4.4.4. Unidades Didácticas
- 4.4.5. Criterios de avaliación

4.1. PRIMEIRO DA ESO

4.1.1. OBXECTIVOS XERAIS:

- Descubrir as características elementais das relixións orientais e das relixións monoteístas.
- Buscar resposta ás preguntas fundamentais que nos facemos sobre a orixe e o destino das persoas e analizar as implicacións que ten dar resposta a estas preguntas.
- Razoar as respostas que as grandes relixións dan ás grandes preguntas sobre a existencia.
- Explicar a orixe da vida como froito do designio amoroso de Deus Pai.
- Comprender, a partir dos relatos da creación, que as persoas estamos feitas a imaxe e semellanza de Deus, chamados a colaborar na obra da creación.
- Reflexionar sobre as consecuencias que teñen o mal e o pecado na relación con nós mesmos, cos demais e con Deus.
- Coñecer os relatos da infancia de Xesús e as circunstancias nas que se produciron.
- Comprender o que querían comunicar os evanxelistas ao narrar os acontecementos da infancia e do comezo da vida pública.
- Saber razoar o sentido da salvación do pecado e da morte que Xesús Cristo outorga ao crente.
- Comprender o que Xesús quere dicir cando fala do reino de Deus e cales son as características do mesmo.
- Analizar o acontecemento da resurrección de Xesús e a importancia que este feito ten para a vida dos cristiáns.
- Analizar o acontecemento da elección dos discípulos por parte de Xesús.
- Analizar os moitos e diferentes tipos de amor que se dan no ser humano.
- Coñecer e valorar o papel da sexualidade en determinados tipos de amor.
- Comprender a relación que existe entre amor e sexualidade, insistindo na importancia que ten a maduración sexual da persoa.
- Identificar a dimensión moral da sexualidade humana e relacionala cos criterios que dimanan da fe cristiá.
- Situar-se ante o matrimonio e a familia como elementos clave na vida das persoas e coñecer outras opcións como o celibato.
- Adquirir uns principios básicos para poder actuar con liberdade e responsabilidade no campo da sexualidade.

- Recoñecer o matrimonio como institución social e como compromiso de entrega mutua realizado por dúas persoas no amor.
- Coñecer os dereitos e deberes da familia.
- Enumerar e analizar algunhas dificultades para a vida das familias.
- Comprender o sentido do sacramento do matrimonio e coñecer as súas características.
- Entender que significa que a familia cristiá está hoxe ao servizo da fe e da sociedade.
- Analizar os interrogantes profundos do ser humano sobre a orixe do universo para valorar as respostas que a fe cristiá dá sobre a creación e a vida humana.

4.1.2. OBXECTIVOS MÍNIMOS .

- Descubrir os elementos do feito relixioso e as súas distintas manifestacións na historia e na vida dos pobos.
- Coñecer que clasificación se pode facer das relixións presentes no mundo actual.
- Fomentar o diálogo interrelixioso como base da convivencia e da paz.
- Descubrir a Xesús Cristo como centro da fe cristiá.

4.1.3. CONTIDOS :

- O ser humano primitivo fronte ao medio, a morte e o alén. O sentido dos cultos funerarios e os ritos sacrificiais.
- Os relatos míticos sobre o home e Deus nas relixións xa desaparecidas: Mesopotamia, Exipto, Grecia e Roma.
- A multiplicidade de deuses no Hinduísmo. O seu sentido sacral da vida e a presenza de Deus.
- Deus Pai creador, misericordioso e providente. Concepción cristiá da vida. Ordenación da actividade humana ao ben da creación.
- O ser humano creado por Deus. Unidade corpo e espírito. O home fillo de Deus.
- O home rompe con Deus polo pecado. A súa rectificación e perfeccionamento en Cristo. A dor e a morte.
- Deus revélase en Xesús Cristo. A salvación e a redención de Xesús Cristo. A resurrección e a vida eterna.
- Sentido e significado dalgúns nomes de Cristo no Novo Testamento: Fillo de Deus, Mesías, Señor.

- Reino de Deus e Igrexa. Significado, realización e transcendencia.
- As Benaventuranzas, anuncio gozoso de Deus e o seu reinado. Seguimento e identificación con Xesús Cristo.
- A vida como proxecto persoal. A dignidade da persoa. A persoa humana, principal preocupación da Igrexa. A moral do amor.
- Sentido e finalidade básica da sexualidade. Valor integrador da sexualidade como don de Deus. Respecto e valoración de ambos os sexos.
- O sacramento do Matrimonio e a súa moral. Responsabilidade educativa da familia. O divorcio e a súa problemática.
- A moralidade dos actos no Cristianismo, e a súa relación coa proposta moral do Budismo (sentido da felicidade) e do Islam (valor moral das obras).
- A Virxe María, modelo do crente.

4.1.4. UNIDADES DIDÁCTICAS:

UNIDADE 1. Fun, son e serei

CONCEPTOS:

- O ser humano, unha historia persoal en proceso.
- As primeiras etapas da vida humana.
- A pubertade e a adolescencia.
- A importancia da vocación.
- A importancia de ter un proxecto de vida.
- O proxecto de vida cristián.
- Dificultades para desenvolver o proxecto de vida.

PROCEDEMENTOS:

- Revivir recordos da propia existencia e estruturalos.
- Realizar un esquema que resuma as calidades persoais máis desenvolvidas.
- Analizar viñetas e cómics, e ser capaz de explicar de forma sinxela a mensaxe do autor.
- Analizar textos literarios para sacar deles o ensino que pretende transmitir o seu autor.
- Explicar os conceptos básicos deste tema.

ACTITUDES:

- Interese por profundar na propia experiencia vital.

- Valor da autoestima e o autocoñecemento.
- O valor da vida como proxecto de crecemento e relación.
- Admiración cara ás persoas que son auténticas co seu proxecto de vida.
- Apertura á formulación de preguntas profundas sobre o sentido da vida.

UNIDADE 2. A árbore das relixións

CONCEPTOS:

- Panorama das relixións tradicionais ou primitivas. Clasificación e elementos.
- Relixións desaparecidas en Exipto, Mesopotamia, Grecia e Roma.
- Confucianismo, taoísmo e xintoísmo.
- O hinduísmo: orixe, crenzas, deuses.
- El budismo: Buda, crenzas, nirvana.
- Elementos fundamentais das relixións monoteístas: xudaísmo, cristianismo e islam.

PROCEDEMENTOS:

- Situar no mapa a presenza das diferentes relixións.
- Coñecer mediante cadros sinópticos os nomes das divindades exipcias, romanas e gregas, e analizar as coincidencias entre elas.
- Elaborar cadros nos que aparezan os datos máis significativos das relixións orientais máis importantes.
- Explicar as características propias de cada unha das tres grandes relixións monoteístas.
- Relacionar varias imaxes e símbolos coa relixión que representan.

ACTITUDES:

- Interese polo coñecemento do feito relixioso.
- Valorar o papel das diferentes relixións na historia.
- Curiosidade acerca das peculiaridades das relixións orientais e das relixións monoteístas.
- Recoñecer as achegas da relixión á cultura.
- Tolerancia e respecto cara a outros sentimentos e expresións do feito relixioso.
- Actitude de apertura cara ao diálogo interrelixioso.

UNIDADE 3. Deus crea e salva

CONCEPTOS:

- As preguntas fundamentais do ser humano: De onde vimos?, A onde imos?
- As respostas da Biblia.

- Deus crea por amor. Toda a creación é froito do amor de Deus.
- O ser humano, creado a imaxe e semellanza de Deus, é colaborador e responsable do creado.
- O risco e a grandeza da liberdade: a ruptura do pecado.
- A salvación de Xesús, camiño para os cristiáns.

PROCEDEMENTOS:

- Formularse as preguntas máis profundas que o ser humano se cuestionou dende a antigüidade.
- Ler diversos textos bíblicos, interpretalos e analizar a información pertinente.
- Distinguir o ámbito científico do ámbito relixioso.
- Contemplan obras de arte con contido relixioso e relacionalas coas escenas bíblicas que conteñen ou os valores que intentan transmitir.

ACTITUDES:

- Estudio rigoroso do tema da creación.
- Interese por atopar resposta ás preguntas.
- Desexo de profundar con coherencia nos temas propostos nesta unidade.
- Aprecio polo valor da creación e da vida humana como obra de Deus.
- Convencemento da dignidade especial do ser humano como ser creado a imaxe e semellanza de Deus.
- Responsabilidade ante o don da liberdade.

UNIDADE 4. Xesús, o mesías anunciado

CONCEPTOS:

- Cumprimento das promesas mesiánicas na persoa de Xesús.
- A intención didáctica dos evanxelistas ao escribir as súas obras.
- O propósito dos relatos evanxélicos da infancia.
- Os evanxeos de Mateu e Lucas como relatores da infancia de Xesús.

PROCEDEMENTOS:

- Traballar coa Biblia buscando citas e comparando textos bíblicos.
- Resolver algúns pasatempos didácticos baseados en distintas estratexias.
- Ler e comprender relatos literarios para extraer deles conclusións reflexionadas.
- Sintetizar conceptos por medio de definicións propias do alumno.
- Lectura e análise de secuencias dalgunhas películas.

ACTITUDES:

- Interese por coñecer o que os evanxeos nos contan da infancia de Xesús.
- Capacidade de admiración ante a mensaxe que nos transmiten imaxes e fotografías de temas humanos e relixiosos.
- Disponibilidade para o traballo en grupos dalgúns exercicios propostos.
- Utilización das tecnoloxías da información e a comunicación para ampliar coñecementos e buscar información.

UNIDADE 5. Xesús anunciou o reino de Deus

CONCEPTOS

- O reino de Deus como centro da mensaxe de Xesús.
- As parábolas, relatos cun fin didáctico.
- Clasificación das parábolas.
- Os milagres de Xesús: concepto e clasificación.
- Marxinación e estamentos sociais en tempos de Xesús.

PROCEDEMENTOS:

- Manexar a Biblia buscando citas e comparando textos bíblicos.
- Resolver algúns pasatempos didácticos baseados en distintas estratexias.
- Ler e comprender relatos literarios para extraer deles conclusións reflexionadas.
- Sintetizar conceptos por medio de definicións propias do alumno.
- Analizar algunhas parábolas de Xesús e clasificar o ensino que intentan presentar de acordo co tipo de parábola.
- Distinguir claramente entre os aspectos sociolóxicos e morais das persoas que compoñían a sociedade en tempos de Xesús.

ACTITUDES:

- Interese polos ensinos de Xesús nas parábolas.
- Capacidade de admiración ante a mensaxe que nos transmiten imaxes e fotografías de temas humanos e relixiosos.
- Disponibilidade para o traballo en grupo nalgúns exercicios propostos.
- Utilizar as tecnoloxías da información e a comunicación para ampliar coñecementos.
- Aprecio pola capacidade de Xesús de actuar libremente nun contexto social no que había moitos marxidados.

- Actitude solidaria cos discriminados e excluídos do mundo actual.

UNIDADE 6. Xesús, unha vida entregada

CONCEPTOS:

- Os relatos da paixón, morte e resurrección de Xesús.
- O significado da última cea de Xesús e a eucaristía.
- O xuízo relixioso e político a Xesús.
- Crucifixión e morte de Xesús.
- O sentido da morte de Xesús para os cristiáns.
- A salvación e a redención de Xesús Cristo para os cristiáns.
- Xesús vence á morte: a resurrección
- A confesión de fe na encarnación, morte, e resurrección de Xesús nas primeiras comunidades cristiás.

PROCEDEMENTOS:

- Relacionar a realidade de opresión na actualidade coa inxustiza sufrida por Xesús.
- Encontrar a relación existente entre a morte e resurrección de Cristo coas afirmacións de fe da Igrexa.
- Ler e analizar textos bíblicos.
- Elaborar esquemas onde quede reflectida a dimensión política e relixiosa do xuízo a Xesús e os títulos que este recibe.
- Contemplan cadros con contido relixioso da pintura universal e relacionalos coas escenas bíblicas que conteñen e os valores que intentan transmitir.

ACTITUDES:

- Actitude de solidariedade coas vítimas de calquera opresión, en especial as que derivan da falta de liberdade, do xenocidio étnico, da persecución relixiosa, etc.
- Interese por coñecer os datos evanxélicos sobre a morte e resurrección de Cristo.
- Convencemento da importancia da resurrección como centro da fe cristiá.
- Actitude de diálogo e de respecto cara ás opinións vertidas por outros compañeiros.

UNIDADE 7. Un proxecto de vida

CONCEPTOS:

- Complexidade e riqueza do ser humano.
- Importancia do autocoñecemento e da autoestima.
- Necesitamos convivir cos demais.
- A raíz antropolóxica da pregunta sobre Deus. O home, pola súa natureza, capaz do descubrimento de Deus: en que sentido existen vías humanas de acceso a Deus.
- O gran interrogante da existencia: o sentido da vida.

PROCEDEMENTOS:

- Revivir recordos da nosa propia existencia e estruturalos.
- Formular as dúbidas e preguntas sobre o sentido da vida.
- Ler e comentar os textos propostos.
- Analizar os elementos da verdadeira amizade.

ACTITUDES:

- Interese por profundar na propia experiencia vital.
- Valor do propio corpo, da saúde e de estar ben consigo mesmo.
- Valor da autoestima e o autoconecemento.
- Admiración cara ás persoas que son auténticas co seu proxecto de vida.
- Valor da amizade.

UNIDADE 8. O agasallo do amor

CONCEPTOS:

- A vocación humana máis importante: o amor.
- Diversos tipos de amor humano.
- O instinto sexual e o sentido e a finalidade da sexualidade.
- O valor da sexualidade humana: un don ao servizo do amor.
- O gran perigo da vida sexual: desligala do amor e a fecundidade. A maduración da sexualidade.
- A sexualidade no adulto: a vida en parella, o matrimonio e o celibato.

PROCEDEMENTOS:

- Recoñecer os diferentes tipos de amor humano.
- Revivir recordos da propia experiencia de amor recibido e de familia.

- Recoñecer e distinguir algunhas actitudes positivas que nos levan ao amor auténtico.
- Analizar varios textos bíblicos, afirmacións e diversos documentos doutrinais para sacar unha serie de conclusións.
- Observar obras de arte e ler viñetas e cómics, sendo capaces de traducir en explicacións sinxelas a mensaxe do autor.

ACTITUDES:

- Dispoñibilidade para suscitarse abertamente o don e o misterio da propia sexualidade.
- Espírito crítico fronte a todo o que non fomenta o amor auténtico e a maduración da sexualidade.
- Convencemento de que a sexualidade é un don inmenso que debe coidarse e orientarse.
- Admiración cara ás persoas que dan a súa vida por amor.
- Valoración da familia.
- Interese por profundar neste tema.
- Mostrar respecto cara a outras opcións e formas de entender a sexualidade e a familia.

UNIDADE 9. Matrimonio e familia

CONCEPTOS:

- Definición de “matrimonio”, “matrimonio católico” e “familia”.
- O matrimonio, base da familia e da sociedade.
- Dereitos e deberes adquiridos que se recoñecen á familia.
- Dificultades para a vida familiar: pobreza, incompatibilidades, desigualdades, carencias e rupturas.
- O sacramento do matrimonio: orixe, sentido, significado e características.
- O matrimonio cristián e a familia: medios para vivir a fe e para estar ao servizo da sociedade.

PROCEDEMENTOS:

- Relacionar fases da vida dunha parella coas imaxes correspondentes.
- Analizar as diferenzas e similitudes entre conceptos como “matrimonio”, “matrimonio católico” e “familia”.
- Coñecer e traballar noticias referentes á situación da familia na actualidade.
- Redactar un informe sobre as diferenzas nos costumes e a forma de vida entre as familias de distintos países.
- Recoñecer os ritos, signos e xestos de que consta o sacramento do matrimonio.
- Ler, analizar e reflexionar diversos textos literarios e testemuñais.

- Interpretar imaxes e resolver un acróstico.

ACTITUDES:

- Recoñecemento dos dereitos e deberes da familia.
- Actitude de reflexión ante o contexto social da familia, especialmente ante as dificultades ás que se enfronta.
- Interese por coñecer os desafíos e os compromisos da familia hoxe.
- Valor do servizo da familia cristiá á fe e á sociedade.
- Valor do sacramento do matrimonio como fonte de gracia e testemuño do amor de Deus e dos esposos.
- Valor do matrimonio e da familia.

UNIDADE 10. María é o seu nomee

CONCEPTOS :

- Acontecementos principais da vida de María.
- Relación entre María e o seu fillo Xesús segundo o Novo Testamento.
- María, a chea de gracia: elixida e nai de Deus.
- María, modelo de crente: muller de fe e seguidora de Xesús.
- María na arte e na liturxia.

PROCEDEMENTOS:

- Relacionar imaxes con textos do Novo Testamento nos que se fala de María.
- Consultar citas bíblicas nas que se narran acontecementos relacionados con María.
- Ler, comprender e traballar co relato da Anunciación.
- Resolver un acróstico sobre María.
- Investigar tradicións marianas do propio contexto cultural.
- Comentar o contido dalgunhas viñetas e realizar algunha baseada en episodios bíblicos nos que apareza María.
- Distinguir entre a persoa de María e as súas múltiples advocacións.
- Coñecer, contemplar e apreciar o patrimonio cultural e relixioso universal e español arredor da figura de María.

ACTITUDES:

- Interese por coñecer o que os evanxeos nos contan da vida de María.

- Aprecio pola figura de María na tradición relixiosa e cultural española.
- Capacidade de admiración ante a mensaxe que nos transmiten imaxes e fotografías de temas humanos e relixiosos.
- Capacidade de relación entre textos literarios e bíblicos e obras de arte.
- Desexo de profundar con interese nestes temas.

4.1.4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Descubrir en que consiste o compromiso cristián para consigo mesmo e para cos demais.
- Saber explicar o significado de palabras e expresións como “desenvolvemento persoal”, “vocación”, “vocación cristiá”, “proxecto de vida”
- Saber explicar a orixe da relixión e os elementos das relixións tradicionais ou primitivas. Identificar as relixións desaparecidas e coñecer o nome dalgunha das súas divindades.
- Saber en que consisten os aspectos fundamentais das tres relixións monoteístas e a relación entre elas .
- Saber explicar que significa e que consecuencias ten que a Biblia non sexa un libro científico.
- Razoar acerca da especial dignidade e complexidade do ser humano.
- Identificar as principais afirmacións sobre o ser humano que se desprenden da revelación.
- Sintetizar a mensaxe evanxélica sobre o reino de Deus, mediante a análise das parábolas e os discursos de Xesús, a fin de descubrir o seu valor humanizador e as actitudes básicas da vida cristiá.
- Saber interpretar a morte e a resurrección de Xesús como fonte de amor, perdón, esperanza e novo nacemento para os fillos de Deus.
- Descubrir os puntos esenciais da antropoloxía cristiá en diálogo con outros sistemas de interpretación da vida.
- Saber diferenciar os diferentes tipos de amor que existen. Saber explicar a doutrina bíblica sobre a sexualidade e o matrimonio.
- Comprender e saber explicar en que consiste unha sexualidade ben integrada na personalidade: suxestións e comportamentos sexuais específicos.

4.2. SEGUNDO DA ESO

4.2.1. OBXECTIVOS XERAIS

- Analizar os interrogantes profundos do ser humano (vida, morte, dor), para valorar as respostas que a fe cristiá dá sobre o sentido da vida.
- Coñecer os documentos fundamentais da fe católica que conteñen a mensaxe cristiá, para comprender e expresar adecuadamente esta mensaxe revelada e as súas formulacións de fe.
- Recoñecer a Xesús Cristo como revelación definitiva de Deus e plenitude do humano.
- Identificar os trazos esenciais da Igrexa, pobo de Deus, para formar un concepto claro do seu ser, da súa misión e da súa organización.
- Recoñecer a forza expresiva dos símbolos na vida humana para descubrir o sentido e finalidade dos sacramentos na vida da Igrexa.
- Comprender o sentido das celebracións cristiás en canto expresión da experiencia dun pobo e signos que manifestan a identidade dunha relixión.
- Descubrir que a fe cristiá suscita actitudes responsables e solidarias nas relacións humanas e na convivencia social.
- Identificar e describir os problemas máis graves e urxentes do contorno social e saber proxectar neles os valores evanxélicos.
- Coñecer os principios fundamentais da doutrina social da Igrexa e saber aplicalos con sentido crítico ás diversas situacións.
- Comprender como as relixións poden colaborar na construción dun mundo máis xusto.
- Tomar conciencia das raíces cristiás da nosa cultura e valorar a achega que a Igrexa fixo e fai á cultura e á convivencia social.
- Comprender, a partir das palabras de Xesús, que di a relixión cristiá sobre o destino da nosa vida e do mundo.

4.2.3. OBXECTIVOS MÍNIMOS

- Comprender a Biblia como palabra de Deus ós homes e norma fundamental da fe e a vida cristiás.
- Profundizar no coñecemento de Xesús para valorar a súa historicidade e adquirir os elementos necesarios para unha adecuada comprensión da mensaxe dos evanxeos.
- Identificar as características esenciais da Igrexa, pobo de Deus, para formarse un concepto claro do seu ser, da súa misión e da súa organización.
- Sintetizar os rasgos esenciais que caracterizan a imaxe de Deus revelada por Xesús.

4.2.3. CONTIDOS

- A vida como proxecto persoal. A dignidade da persoa.
- Ordenación da actividade humana ao ben da creación.
- Valoración do traballo como medio de realización.
- Participación activa e responsable no traballo persoal e colectivo.
- Deformación da actividade humana polo pecado e a súa rectificación e perfeccionamento en Cristo.
- A confesión de fe en Xesús como Cristo e Señor: verdadeiro Deus e verdadeiro home.
- A confesión de fe na Encarnación, Morte e Resurrección de Xesús nas primeiras comunidades cristiás.
- A presenza de María no Misterio de Cristo.
- A Igrexa, sacramento de salvación, continúa a obra de Xesús Cristo, animada polo Espírito Santo.
- Sentido e responsabilidade dos membros do Pobo de Deus.
- A Igrexa, Corpo de Cristo.
- Os segres, os relixiosos e a xerarquía.
- Os signos e os símbolos, elementos importantes das celebracións.
- As celebracións cristiás.
- As celebracións dos primeiros cristiáns.
- O ano litúrxico.
- Orixe, finalidade e sentido dos sacramentos.
- Relación entre os diversos sacramentos e a vida humana.
- Os sacramentos de iniciación, os sacramentos de curación e os sacramentos do servizo.

- A gracia de Deus a través dos sacramentos.
- A liturxia como expresión da relación de Deus connosco e de nós con el.
- O valor da oración.
- Dimensión comunitaria da fe cristiá.
- Signos de compromiso cristián no noso tempo.
- Construír a paz. Prevención da intolerancia e do racismo.
- Capacidade crítica ante os contravalores da sociedade.
- Colaboración dos cristiáns con outras relixións e institucións na construción da cidade terrestre.
Solidariedade nas prácticas relixiosas do Islam e do Xudaísmo.
- Movementos mundiais en que participa a Igrexa Católica.
- Deus promete un ceo novo e unha terra nova. A civilización do amor.

4.2.4 UNIDADES DIDÁCTICAS

UNIDADE 1: O mundo dos primeiros cristiáns

CONCEPTOS

- Os orixes da Igrexa: instituída por Xesús. envío do Espírito, primeiras comunidades (características. Dificultades e expansión misioneira), segundo o libros dos Feitos

PROCEDIMENTOS

- Analizar textos bíblicos e do maxisterio da Igrexa tendo en conta o seu contexto histórico.
- Seleccionar e clasificar documentos escritos sobre a historia da Igrexa primitiva
- Analizar os factores históricos, culturais e xeográficos dos feitos da historia da Igrexa.
- Interpretar e representalos feitos máis relevantes da historia da Igrexa primitiva.

ACTITUDES

- Valor da historia como lugar da acción de Deus e da acción evanxelizadora da Igrexa.
- Interese por coñecer a orixe, vitalidade e actualidade da Igrexa.
- Aprecio dos valores vividos nas diferentes situacións históricas.

UNIDADE 2: O grupo dos seguidores de Xesús

CONCEPTOS

- Os orixes da Igrexa: instituída por Xesús. envío do Espírito, primeiras comunidades (características. Dificultades e expansión misioneira), segundo o libros dos Feitos.

- Misión da Igrexa: a evanxelización.

PROCEDEMENTOS

- Seleccionar e clasificar documentos escritos sobre a historia da Igrexa primitiva
- Interpretar e representalos feitos máis relevantes da historia da Igrexa primitiva.
- Analizar textos bíblicos e do maxisterio da Igrexa tendo en conta o seu contexto histórico.

ACTITUDES

- Valor da historia como lugar da acción de Deus e da acción evanxelizadora da Igrexa.
- Interese por coñecer a orixe, vitalidade e actualidade da Igrexa.
- Aprecio dos valores vividos nas diferentes situacións históricas.

UNIDADE 3: Pentecostés, o nacemento da Igrexa

CONCEPTOS

- Os orixes da Igrexa: instituída por Xesús. envío do Espírito, primeiras comunidades (características. Dificultades e expansión misioneira), segundo o libros dos Feitos.

PROCEDEMENTOS

- Relacionar uns textos bíblicos con outros.
- Localizar e analizar textos do Novo Testamento que fundamentan as grandes afirmacións da relixión católica.
- Seleccionar e clasificar documentos escritos sobre a historia da Igrexa primitiva.
- Interpretar e representalos feitos máis relevantes da historia da Igrexa primitiva.

ACTITUDES

- Valor da historia como lugar da acción de Deus e da acción evanxelizadora da Igrexa.
- Interese por coñecer a orixe, vitalidade e actualidade da Igrexa.
- Aprecio dos valores vividos nas diferentes situacións históricas.
- Valoración da aportación da Igrexa á sociedade e á cultura, en particular na comunidade autónoma.

UNIDADE 4: A vida dos primeiros cristiáns

CONCEPTOS

- Os orixes da Igrexa: instituída por Xesús. envío do Espírito, primeiras comunidades (características. Dificultades e expansión misioneira), segundo o libros dos Feitos.

PROCEDEMENTOS

- Relacionar uns textos bíblicos con outros.
- Seleccionar e clasificar documentos escritos sobre a historia da Igrexa primitiva.
- Interpretar e representalos feitos máis relevantes da historia da Igrexa primitiva.

ACTITUDES

- Valor da historia como lugar da acción de Deus e da acción evanxelizadora da Igrexa.
- Interese por coñecer a orixe, vitalidade e actualidade da Igrexa.
- Aprecio dos valores vividos nas diferentes situacións históricas.

UNIDADE 5: A expansión da Igrexa

CONCEPTOS

- Misión da Igrexa: a evanxelización.

PROCEDEMENTOS

- Analizar os factores históricos, culturais e xeográficos dos feitos da historia da Igrexa.
- Interpretar e representalos feitos máis relevantes da historia da Igrexa primitiva.

ACTITUDES

- Valor da historia como lugar da acción de Deus e da acción evanxelizadora da Igrexa.
- Interese por coñecer a orixe, vitalidade e actualidade da Igrexa.
- Aprecio dos valores vividos nas diferentes situacións históricas.

UNIDADE 6: A Igrexa hoxe

CONCEPTOS

- A Igrexa, pobo de deus: estrutura e organización. Igrexa universal e igrexas locais.

PROCEDEMENTOS

- Obter datos sobre o feito relixioso cristián a partir da observación directa.
- Interpretar enquisas, estatísticas e cuestionarios sobre a experiencia relixiosa na sociedade.
- Saber utilizar e valorar informacións escritas e audiovisuais sobre a relixión católica e as súas manifestacións.

ACTITUDES

- Valoración da aportación da Igrexa á sociedade e á cultura, en particular na comunidade autónoma.

UNIDADE 7: ¿Para que a Igrexa?

CONCEPTOS

- Misión da Igrexa: a evanxelización.

PROCEDEMENTOS

- Analizar textos bíblicos e do maxisterio da Igrexa tendo en conta o seu contexto histórico.

ACTITUDES

- Valoración da aportación da Igrexa á sociedade e á cultura actual.
- Valor da unidade e do amor como signos da identidade da Igrexa.

UNIDADE 8: A Igrexa, Pobo de Deus

CONCEPTOS

- A Igrexa, pobo de Deus: estrutura e organización.

PROCEDEMENTOS

- Analizar textos bíblicos e do maxisterio da Igrexa tendo en conta o seu contexto histórico.

ACTITUDES

- Valor da historia como lugar da acción de Deus e da acción evanxelizadora da Igrexa.
- Interese por coñecer a orixe, vitalidade e actualidade da Igrexa.
- Aprecio dos valores vividos nas diferentes situacións históricas.
- Normativa fundamental sobre a pertenza a Igrexa.
- Valor da unidade e do amor como signos da identidade da Igrexa.
- Respecto das persoas e institucións mediante as cales a Igrexa se fai presente e realiza a súa misión.
- Valor do pluralismo no seo da Igrexa.

UNIDADE 9: A orixe das celebracións cristiáns

CONCEPTOS

- A liturxia cristián e canto expresión dunha tradición viva e de carácter comunitario da Igrexa: festas e celebracións máis significativas da Igrexa universal e na propia comunidade autonómica.

PROCEDEMENTOS

- Identificar e seleccionar datos sobre obxectos, persoas e accións sagradas do entorno.
- Analizar e interpretar os símbolos e ritos cristiáns.

- Relacionar a práctica actual das celebracións litúrxicas cun sentido orixinal e coas experiencias máis significativas da condición humana.

ACTITUDES

- Valoración das celebracións litúrxicas na vida da Igrexa.
- Valor da comunidade que se reúne para expresar e celebrar a súa fe.
- Sensibilidade cara ós compromisos litúrxicos que se derivan da pertencencia á Igrexa.

UNIDADE 10: As celebracións da Igrexa

CONCEPTOS

- Os sacramentos: fundamentación bíblica, signos e símbolos, carácter, eficacia salvífica... Os sacramentos de iniciación.

PROCEDEMENTOS

- Confeccionar un cuado sinóptico sobre os sacramentos.

ACTITUDES

- Interese por coñecer a orixe e actualidade dos sacramentos.
- Normativa da Igrexa sobre o domingo e os ritos de culto.
- Valor da eucaristía como fonte e culmen da vida cristián.
- Valoración da dimensión artística e cultural dos obxectos de culto e das ceremonias relixiosas.

UNIDADE 11: A grandeza do ser cristián

CONCEPTOS

- Complexidade e riqueza do ser humano.
- O home a muller creados a imaxe de Deus.
- A experiencia da dor, do mal e da morte.
- Salvados por Xesús.

PROCEDEMENTOS

- Localizar e analizar textos bíblicos que fundamenten as grandes afirmacións da fe católica.
- Descubrir no Evanxeo a imaxe do home que manifesta.
- Confeccionar esquemas a partir de datos bíblicos pra estruturar o esencial da mensaxe cristián.

ACTITUDES

- Valor da dignidade do home e da muller.
- Sensibilidade e espírito crítico ante as situacións que degradan ó home.

- Valor do corpo humano e das capacidades que posúe como medio de realización persoal.
- Conciencia da propia condición humana e da responsabilidade de crecer como persoas.

UNIDADE 12: A dignidade da persoa

CONCEPTOS

- A liturxia cristián en canto expresión dunha tradición viva e de carácter comunitario da Igrexa.
- Os sacramentos.

PROCEDEMENTOS

- Identificar e seleccionar datos sobre obxectos, persoas e accións sagradas do entorno.
- Analizar e interpretar os símbolos e ritos cristiáns.
- Relacionar a práctica actual das celebracións litúrxicas cun sentido orixinal e coas experiencias máis significativas da condición humana.
- Confeccionar un cuado sinóptico sobre os sacramentos.

ACTITUDES

- Valoración da dimensión artística e cultural dos obxectos de culto e das ceremonias relixiosas.
- Valor da comunidade que se reúne para expresar e celebrar a súa fe.
- Sensibilidade cara ós compromisos litúrxicos que se derivan da pertencencia á Igrexa.
- Interese por coñecer a orixe, vitalidade e actualidade dos sacramentos.
- Normativa da Igrexa sobre o domingo e os ritos de culto.
- Valor da eucaristía como fonte e culmen da vida cristián.
- Valoración da dimensión artística e cultural dos obxectos de culto e das ceremonias relixiosas.

4.2.5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Identificar as principais afirmacións sobre o ser humano que se desprenden da revelación, para saber fundamentar a visión cristiá sobre a dignidade e igualdade fundamental de todos os homes e mulleres.
- Identificar os trazos característicos das relixións monoteístas da humanidade para adquirir un coñecemento elemental de cada unha delas e unha visión de conxunto de todas as relixións.
- Recoñecer as principais afirmacións sobre Deus formuladas no credo, para comprender en que consiste a fe da Igrexa ao proclamar que Deus é Pai, Fillo e Espírito.

- Identificar os trazos fundamentais da persoa e a mensaxe de Xesús, para fundamentar a experiencia cristiá na morte e no alén.
- Coñecer a estrutura e organización da Igrexa, para constatar a súa relación coa experiencia da Igrexa primitiva e comprender a súa función de servizo aos cristiáns e ao mundo.
- Situar correctamente as festas e expresións relixiosas populares na súa orixe e incidencia actual para descubrir o seu sentido e o compromiso persoal e social que entraña a súa celebración.
- Identificar e distinguir o valor expresivo dos sacramentos para comprender o seu sentido na vida da Igrexa.
- Adquirir unha visión global dos sete sacramentos para valorar a importancia que teñen para a vida cristiá.
- Descubrir o valor do compromiso cristián co mundo para suscitar actitudes responsables e solidarias a prol do demais.
- Recoñecer o sentido e valor relixioso das diversas expresións artísticas e culturais co fin de comprender a mensaxe que transmiten.

4.3. TERCEIRO DE ESO

4.3.1. OBXECTIVOS XERAIS

- Analizar as esixencias e compromisos dos cristiáns na súa relación con Deus, consigo mesmos e cos demais, relacionándoos con outras opcións presentes na sociedade.
- Coñecer as principais características da relixión xudía en tempos de Xesús: a súa fe, normas, festas e centros relixiosos.
- Analizar as esixencias e compromisos dos cristiáns na súa relación con Deus, consigo mesmos e cos demais, relacionándoos con outras opcións presentes na sociedade e nas grandes relixións.
- Comprobar como todas as relixións da humanidade intentaron responder ao problema da morte.
- Coñecer que narran e como se escribiron os libros que compoñen o Antigo Testamento.
- Situar no seu contexto a Biblia para comprender o seu sentido e valoralo como resposta ás inquietudes relixiosas das persoas.
- Identificar os lugares onde transcorren os principais acontecementos que narra a Biblia así como algúns dos seus xéneros literarios.
- Comprender a Biblia como palabra de Deus ás persoas e norma fundamental da fe e da vida cristiá.
- Coñecer as características xeográficas e políticas de Palestina, país onde viviu Xesús de Nazaret.
- Aprender como era a sociedade do tempo de Xesús: a súa forte estruturación en clases e grupos sociais.
- Estudiar que libros conforman o Novo Testamento para comprender a mensaxe que encerran.
- Identificar diferentes xéneros literarios nos textos evanxélicos.
- Coñecer e interpretar os distintos elementos que conforman o fenómeno relixioso.
- Recoñecer e valorar os fitos máis importantes da fe cristiá na historia da Igrexa, nas grandes obras da cultura e nas súas festas, considerando tamén as achegas doutras relixións.
- Aprender a interpretar, por medio da análise do relato da creación, que nos di Deus sobre a vida humana.
- Coñecer os principios que a Igrexa foi elaborando, a partir dos relatos bíblicos, sobre a vida humana.
- Descubrir no seguimento de Xesús a raíz do ser cristián.
- Profundar nas características básicas do seguimento de Xesús.

- Identificar a Xesús Cristo como Fillo de Deus encarnado entre os homes mediante o coñecemento e análise da súa mensaxe, vida e presenza polo Espírito Santo na Igrexa.
- Aprender que significa que o Deus cristián é amor e coñecer as canles que Deus utiliza para comunicarse: a Biblia, a tradición e o maxisterio.
- Coñecer e valorar o sentido e finalidade da Igrexa como a realización institucional do servizo de humanización e salvación que Cristo ofrece ao ser humano, e descubrir a súa achega nos feitos máis importantes da historia española e europea.
- Analizar o proceso mediante o cal as persoas tomamos decisións e construímos a nosa personalidade.
- Aprender a analizar que é o que fai que unha decisión sexa boa ou mala.
- Coñecer como viviu Xesús as súas propias decisións.
- Comprender como debe ser a conduta dos seguidores de Xesús.
- Identificar a dimensión moral da vida humana e relacionala cos criterios que dimanar da fe cristiá.
- Adquirir un esquema comprensivo básico dos elementos do acto moral para poder actuar con liberdade e responsabilidade.
- Valorar a importancia de ser fieis á propia conciencia e de asumir a responsabilidade das propias accións.
- Comprender que a tarefa do cristián é vivir a vida dun xeito positivo e alegre.
- Analizar e comprender a vida da primitiva comunidade cristiá a partir do que sobre a mesma nos di o libro dos Feitos.
- Coñecer a figura do apóstolo Paulo, o núcleo do seu predicación e a súa contribución á expansión do cristianismo no seu primeiro século de historia.
- Analizar a relación da Igrexa co imperio romano e a expansión da mesma ao longo do seu territorio durante os séculos II e III.
- Coñecer os principais momentos, personaxes e acontecementos da historia da Igrexa primitiva para descubrir os seus efectos na vida dos cristiáns e no dinamismo da sociedade.
- Interpretar e comprender, a partir da morte de Xesús, cal é o futuro que lle espera ao cristián logo da morte.
- Fundamentar o sentido da esperanza cristiá na fe na resurrección.

- Coñecer como pode vivir un cristián a morte.
- Coñecer o que di o cristianismo sobre a morte e sobre o máis alá.
- Coñecer que di a fe cristiá sobre o destino deste mundo e, xa que logo, sobre o destino das persoas.
- Analizar a promesa que Deus fai dun mundo novo que terá lugar logo deste.

4.3.2. OBXECTIVOS MÍNIMOS

- Comprender que a Biblia é un libro relixioso que contén a Historia da Salvación.
- Saber utilizar a Biblia situándoa na súa orixe, forma e finalidade e interpretación adecuada en relación coa historia e experiencia relixiosa de Israel e como expresión da revelación de Deus Pai ós homes.
- Coñecer que son os evanxeos, cando foron escritos e con que finalidade. Evanxeos sinópticos e apócrifos.
- Coñecer en que consiste a fe cristiá, como se manifesta, onde se vive e de onde procede.

4.3.3. UNIDADES DIDÁCTICAS

UNIDADE 1. Non somos illas

CONCEPTOS :

- A dimensión moral da persoa.
- A relación con Deus e cos irmáns.
- Liberdade e busca voluntaria do ben.
- A importancia de amar e sentirse amado.
- Relación, amor e amizade.

PROCEDEMENTOS:

- Reflectir de maneira esquemática a rede de relacións que establece cada alumno co seu contorno social.
- Utilizar a letra de cancións como apoio para o debate e a reflexión.
- Ler e interpretar imaxes como expresión de sentimentos.
- Sintetizar conceptos por medio de definicións propias do alumno.

ACTITUDES:

- Participación na dinámica de diversos grupos.
- Diálogo como lugar de encontro entre as persoas.
- Apertura cara aos outros.
- Busca da amizade.
- Desenvolvemento da capacidade de traballo en equipo.

UNIDADE 2. Un só Deus

CONCEPTOS:

- O proxecto de Deus sobre o home segundo o xudaísmo, o cristianismo e o islam.
- A revelación progresiva no pobo de Israel. O xudaísmo.
- A novidade de Xesús de Nazaret.
- Raíces comúns e novidades do islam.
- A influencia das relixións monoteístas na configuración da historia e a cultura española.

PROCEDEMENTOS:

- Reflectir de maneira esquemática a rede de relacións que establece entre as
- grandes relixións.
- Ler e interpretar imaxes como expresión cultural das diversas relixións.
- Sintetizar conceptos por medio de definicións propias do alumno.

ACTITUDES:

- Diálogo como lugar de encontro entre as relixións.
- Apertura cara á relixión que profesan outras persoas.
- Desenvolvemento da capacidade de traballo en equipo.
- Comprensión e respecto cara ás tradicións e expresións das diferentes relixións.

UNIDADE 3. A Biblia, un libro sagrado

CONCEPTOS:

- O ser humano necesita recordos, imaxes e tradicións da súa familia e o seu grupo social.
- A Biblia: un libro relixioso, un libro de fe.
- División da Biblia entre o Antigo e o Novo Testamento.

- Elementos básicos de interpretación do Antigo Testamento. Os distintos libros do Antigo Testamento e a súa división, descrición, autores. Xéneros literarios. Os libros do NT.
- Xeografía da Biblia: Mesopotamia, Exipto e Canaán. Os nomes da terra prometida.
- A revelación progresiva de Deus na Biblia. As dez etapas históricas da Biblia.
- O Deus da Biblia: liberador, próximo, salvador.
- Importancia da Biblia no noso patrimonio cultural.

PROCEDEMENTOS:

- Recoñecer e distinguir nun mapa xeográfico as principais rexións da xeografía bíblica.
- Ordenar cronoloxicamente as etapas da Biblia.
- Relacionar algúns personaxes bíblicos coa súa época histórica.
- Distinguir entre o AT e o NT e clasificar por xéneros literarios os libros da Biblia.
- Ler e analizar diversos textos bíblicos, literarios, periodísticos e doutrinais.
- Coñecer, respectar e valorar o patrimonio cultural e histórico-artístico relacionado coa Biblia.
- Utilizar as tecnoloxías da información para buscar información relacionada co tema.

ACTITUDES:

- Interese por comprender as dimensións literarias, históricas e xeográficas da Biblia.
- Valor da fe na Biblia como Palabra de Deus e libro relixioso.
- Interese por aprender os títulos dos libros da Biblia, as súas clasificacións etc.
- Aprecio polos elementos culturais e artísticos que se inspiran na tradición bíblica.

UNIDADE 4. O Novo Testamento

CONCEPTOS:

- Xeografía, política e historia de Palestina.
- Sociedade do tempo de Xesús: dirixentes, grupos sociais e marxinados.
- Fe, normas, festas e centros relixiosos xudeus.
- Evanxeo e evanxeos: autoría, significado, contido, finalidade e tipoloxía.
- Os xéneros literarios nos evanxeos.
- Outros libros do Novo Testamento: Feitos, Cartas e Apocalipse.

PROCEDEMENTOS:

- Traballar con diferentes mapas da época para identificar os aspectos físicos e políticos de Palestina.

- Buscar en textos bíblicos diferentes acontecementos e lugares onde transcorreron escenas da vida de Xesús.
- Realizar algunha sinopse con textos evanxélicos para mostrar ou seu parecido e/ou súa especificidade.
- Realizar cadros sintéticos cos conceptos e contidos máis importantes.

ACTITUDES:

- Realización de diferentes actividades nos diversos apartados da unidade.
- Disponibilidade para coñecer datos doutra época que son importantes para comprender o evanxeo.
- Capacidade de traballar en equipo.
- Aprender a analizar a mensaxe dun texto, o que o seu autor quixo dicir e o que nos di a nós hoxe.

UNIDADE 5. Vida en comunidade

CONCEPTOS:

- Xesús Cristo convoca e congrega á comunidade das súas discípulos. A Igrexa, misterio de comunión. O Espírito Santo forza e vida dos crentes.
- A Igrexa, Pobo de Deus. A misión da Igrexa: catolicidade e carácter misioneiro.
- Os sacramentos da confirmación e da orde sacerdotal.

PROCEDEMENTOS:

- Reflectir de xeito esquemático a rede de relacións que se establece entre as grandes relixións.
- Ler e interpretar textos oficiais da Igrexa.
- Sintetizar conceptos por medio de definicións propias do alumno.
- Elaboración dunha ficha de análise.

ACTITUDES:

- Desenvolvemento da capacidade de traballo en equipo.
- Apertura cara aos outros.
- Participación nas tarefas de tipo persoal e grupal.
- Interese por adquirir novos coñecementos.

UNIDADE 6. A fe, resposta dos crentes

CONCEPTOS:

- A fe cristiá.

- Crer en Xesús é seguir a Xesús.
- Deus, un e trino.
- Biblia, tradición e maxisterio.

PROCEDEMENTOS:

- Lectura e análise de textos para facilitar a comprensión de contidos.
- Realización de propostas de traballo e actividades para reforzar a adquisición de coñecementos.
- Ler e interpretar o contido das imaxes.
- Utilizar a letra de cancións como apoio para a reflexión.

ACTITUDES:

- Responsabilidade ante as tarefas que se propoñen e nas actividades grupais.
- Atención á adquisición de novos conceptos.
- Desenvolvemento da capacidade de traballar co texto bíblico.
- Reflexión sobre os contidos da unidade para a propia vida.

UNIDADE 7. Decidir en liberdade

CONCEPTOS:

- O proceso de decisión nas nosas vidas.
- As opcións fundamentais, guía das nosas decisións.
- Conceptos de liberdade e responsabilidade.
- A conciencia moral.
- O home novo que xorde de Xesús Cristo. A vida como proxecto persoal.
- Fundamentos da dimensión moral. O proceso das nosas eleccións.
- Identificación e relación entre causas e efectos do acto moral.
- Os valores. Os valores de Xesús. Os valores dos discípulos de Xesús.

PROCEDEMENTOS:

- Ler e comentar os textos propostos.
- Reflexionar e recoñecer a dimensión moral de toda persoa.
- Relacionar os conceptos de “conductas” cos “valores” que as animan.
- Elixir e comentar textos evanxélicos.
- Buscar o significado de palabras clave.
- Expoñer as dúbidas e preguntas sobre a forma de formular un acto moral.

- Establecer comparacións entre diversas escalas de valores.
- Coñecer, respectar e valorar as crenzas, actitudes e valores do noso acervo cultural e do patrimonio histórico artístico.

ACTITUDES:

- Actitudes de creatividade e participación nas tarefas que se propoñen.
- Interese por chegar a ter unha conciencia moral ben formada.
- Disponibilidade cara á reflexión crítica sobre as posturas e valores dun mesmo.
- Admiración por aquelas persoas que son consecuentes coas súas opcións e valores fundamentais.
- Interese por descubrir mellor como seguir a Xesús na sociedade actual.

UNIDADE 8. O agasallo da vida

CONCEPTOS:

- Os relatos da creación na Biblia.
- O ser humano foi creado a imaxe de Deus.
- A vida pertence a Deus.
- Doutrina da Igrexa: a vida humana é sagrada.
- A tarefa do cristián fronte á vida: recibila, amala, promovela e defendela.
- As agresións contra a vida.
- Moral da vida humana e problemática que representa.: violencia, pena de morte, guerra, tortura; accidentes de tráfico, transplantes; aborto, eutanasia, suicidio, homicidio; enxeñería xenética, inseminación artificial, fecundación in vitro.
- Xesús e o compromiso cristián en defensa da vida.

PROCEDEMENTOS:

- Atopar a relación existente entre os dilemas morais actuais e a doutrina cristiá.
- Analizar de forma crítica e reflexiva diversas informacións sobre as agresións contra a vida.
- Ordenar a información recollida nunha táboa analítica.
- Ler e analizar varios escritos bíblicos.
- Responder ás preguntas suscitadas.
- Ler e comentar os textos poéticos e doutriniais propostos.
- Buscar o significado de palabras clave.

- Recoñecer os diferentes campos nos que está implicada hoxe a loita pola dignidade da vida humana.
- Utilizar recursos informáticos para ampliar contidos segundo os intereses do alumno ou alumna.

ACTITUDES:

- Actitude de análise crítica.
- Disponibilidade para dar opinións dunha forma reflexiva.
- Valorar a vida.
- Interese pola defensa da dignidade da vida humana.
- Recoñecemento da necesidade de formación máis profunda sobre este tema.
- Actitude de solidariedade co sufrimento de todo ser humano.

UNIDADE 9. A vida dos primeiros cristiáns

CONCEPTOS:

- A Igrexa primitiva nos Feitos dos Apóstolos.
- Características da vida na primeira comunidade.
- Unha comunidade ao servizo dos irmáns.
- A variedade de servizos ou ministerios na Igrexa primitiva. Clasificación destes servizos.
- Os primeiros conflitos na Igrexa.
- As primeiras persecucións.
- San Paulo e a súa obra misioneira.
- Expansión do cristianismo polo imperio romano.
- A Igrexa nos séculos II e III. As grandes persecucións. A vida interna da Igrexa durante os primeiros séculos.
- As orixes do cristianismo en España.

PROCEDEMENTOS:

- Analizar un cronograma e situar nel as principais persecucións dos emperadores romanos contra a Igrexa.
- Interpretar mapas xeográficos para descubrir os itinerarios de Paulo. Principais núcleos cristiáns nos primeiros séculos.
- Buscar, ler e interpretar textos bíblicos e doutriniais.

- Coñecer e apreciar o patrimonio cultural e relixioso de España, sobre todo dos primeiros séculos do cristianismo e das tradicións relixiosas máis antigas e duradeiras.
- Analizar viñetas e cómics, sendo capaces de traducir en explicacións sinxelas a mensaxe do autor.
- Contemplan cadros con contido relixioso da pintura universal, relacionándoos coas escenas bíblicas que conteñen ou os valores que intentan transmitir.

ACTITUDES:

- Interese por descubrir os acontecementos máis significativos da Igrexa primitiva.
- Valor da Historia da Igrexa como fonte de coñecemento da evolución da fe e das súas figuras máis representativas.
- Admiración cara á figura de San Paulo como o gran apóstolo da evanxelización de todos os pobos.
- Valor do servizo na comunidade cristiá como forma de vivir o amor e de seguir o exemplo de Cristo.

UNIDADE 10. Ante todo, esperanza

CONCEPTOS :

- A morte, unha cuestión que preocupa a todo ser humano.
- O problema da morte nas culturas da humanidade. A resposta da relixión á morte. A vida eterna.
- A confianza cristiá ante a morte.
- En Xesús cúmprense as promesas de Deus e as esperanzas do pobo ao vencer á morte.
- A resurrección de Xesús, esperanza dun máis alá.
- Os conceptos de Ceo e Inferno.
- Concepto cristián da fin do mundo.
- A segunda vinda de Cristo, o final da historia e o xuízo final.
- A liberación definitiva: unha festa para compartir na que xa no haberá morte A liberación definitiva: unha festa para compartir na que xa no haberá morte nin dor.
- Deus promete un ceo novo e unha terra nova. A civilización do amor.

PROCEDEMENTOS:

- Interrogarse sobre o misterio da morte e o máis alá.
- Recoñecer as diferentes posturas culturais e relixiosas ante a morte.

- Ler e analizar os resultados dunha enquisa sociolóxica sobre as crenzas relixiosas dos mozos españois.
- Analizar varios cómics e extraer deles os valores que intentan transmitir os seus autores, achegando ademais opinións persoais.
- Recoñecer e distinguir algunhas das afirmacións da escatoloxía no Novo Testamento, en especial os evanxeos.
- Interrogarse sobre o mundo que Deus prepara ao final da historia.
- Ler e subliñar as ideas principais de varios textos do maxisterio da Igrexa sobre o final dos tempos.

ACTITUDES:

- Actitude de tolerancia ante outras formas de concibir a morte e o máis alá que se dan en diferentes culturas e relixións.
- Interese por dar resposta ás cuestións da morte e o máis alá.
- Mostrar disciplina e orde ante as tarefas que se propoñen.
- Respecto polas opinións doutros compañeiros.
- Convencemento da centralidade deste tema na fe cristiá.
- Actitude de esperanza ante o concepto da fin do mundo.
- Interese por coñecer o que a tradición cristiá di sobre este tema.

4.3.4 CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Razoar o valor da liberdade como elección da verdade e do ben, e raíz da responsabilidade dos propios actos.
- Explicar a importancia das accións das persoas no seu proceso de crecemento.
- Detectar os principais elementos que constitúen o fenómeno relixioso e a súa expresión concreta no cristianismo.
- Saber definir os aspectos propios de cada unha das relixións monoteístas.
- Dar razón da importancia da Biblia para a fe xudía e cristiá .
- Definir con precisión o significado dalgunhas das moitas palabras-clave dos diferentes temas
- Saber en que consiste a diferenza fundamental entre o Antigo e o Novo Testamento, así como o contido dos diversos libros segundo os seus xéneros literarios.

- Coñecer e diferenciar algunhas características históricas, literarias e relixiosas da Biblia, para saber fundamentar e aplicar a mensaxe que transmite.
- Enumerar os xéneros literarios máis importantes da Biblia.
- Razoar o fundamento da Igrexa comunión, os seus signos e as consecuencias na vida do crente pola acción do Espírito.
- Definir que é, cando se inicia, en que se apoia, onde se vive e como se expresa a fe cristiá de modo correcto.
- Saber en que consisten os elementos do acto moral, dar razón dos propios valores e opcións persoais. Saber identificar os principios morais que emanan do cristianismo, e que fundamentan o ben obrar, para saber aplicalos ás diversas situacións da vida actual.
- Identificar os valores fundamentais da moral cristiá sobre o respecto á vida para saber aplicalos ás diversas situacións da vida actual.
- Situar no tempo e no espacio os principais acontecementos da vida da Igrexa primitiva (vida e viaxes de San Paulo, causas e tempo do concilio de Xerusalén, grandes persecucións etc.), para valorar adecuadamente eses acontecementos no contexto en que se desenvolveron.
- Sintetizar a confesión de fe e os valores da primitiva comunidade cristiá.

4.4. CUARTO DA ESO

4.4.1 OBXECTIVOS XERAIS

- Coñecer os principais momentos, personaxes e acontecementos da historia da Igrexa para descubrir os seus efectos na Igrexa e na sociedade.
- Valorar a acción evangelizadora da Igrexa pola súa contribución á construción dun mundo mellor cunhas relacións máis solidarias entre as persoas de toda clase e condición.
- Coñecer os principios fundamentais da doutrina social da Igrexa e saber aplicalos con sentido crítico ás diversas situacións e conflitos morais que se viven na sociedade española.
- Exercitarse na análise da sociedade actual para identificar os rasgos que a caracterizan e comprender o papel que o cristián, en nome da súa fe, debe desempeñar nela.
- Tomar conciencia das raíces cristiás de nosa cultura e valorar a aportación da Igrexa á sociedade, tanto no pasado como no presente.

4.4.2. OBXECTIVOS MÍNIMOS

- Sacar conclusións do que significa crer en Xesús, mediante a análise de diferentes posturas acerca de Deus, para descubrir os rasgos característicos da fe en Xesús.
- Coñecer e valorar as principais manifestacións relixiosas cristiás, mediante a observación e análise das mesmas, para comprender que son expresións da experiencia relixiosa dun pobo e signos que manifestan a identidade do cristiá.
- Tomar conciencia, mediante a observación da realidade e o uso dos medios de comunicación, da orde social inxusta imperante hoxe no mundo, para comprometerse, dende a fe, en mellorar a situación.
- Comprender as principais etapas da historia da salvación, mediante a lectura de textos bíblicos.

4.4.3. CONTIDOS

- Preguntas fundamentais que se fai a persoa a propósito do sentido da vida.
- O ser humano, capaz de captar o sentido da transcendencia e de descubrir a Deus.
- Características principais do xudaísmo, cristianismo e islam e a súa resposta ós grandes interrogantes do ser humano.

- Principios cristiáns con relación ás grandes relixións.
- Natureza da revelación: feitos e palabras.
- Fontes da revelación: Escritura, Tradición e Maxisterio.
- A revelación progresiva de Deus.
- Xesús Cristo, plenitude do cumprimento das promesas.
- A fe, resposta á revelación. A fe é razoable e se apoia en signos ou indicios.
- Actitudes do crente. A fe cristián da sentido á vida. María, modelo.
- A liturxia e os sacramentos, alimento da vida de fe dos crentes.
- Os cambios na sociedade renacentista impulsan unha renovación na comunidade cristián.
- Reforma protestante e Contrarreforma católica.
- Luces e sombras da Igrexa.
- Expansión do cristianismo por América, Asia e África durante o século XVI.
- A secularización da ciencia e o pensamento. Relacións da ciencia coa Igrexa.
- Estado confesional e Revolución Francesa.
- A revolución industrial e as súas consecuencias para a sociedade e para a vida dos cristiáns.
- A reacción da Igrexa ante os problemas sociais.
- O novo impulso da Igrexa no terceiro tercio do século XIX.
- Novas congregacións relixiosas ó servizo da caridade, a educación e a misión.
- A renovación interior da Igrexa na primeira metade do século XX.
- O Concilio Vaticano II.
- A Igrexa en España no século XX. Os católicos na vida pública.
- A Igrexa na sociedade contemporánea.
- Relación fe e cultura no século XX.
- A mensaxe de Xesús na arte.

- Aproximación ó xénero apocalíptico da Biblia.
- A vida do Señor, o xuízo e a vida eterna.
- Xesús Cristo, Señor da Creación e da Historia.

4.4.4. UNIDADES DIDÁCTICAS

UNIDADE 1: A fe cristián: atopar a felicidade en Cristo

CONCEPTOS

- A fe cristián en Xesús Cristo: Cristo e Señor, deus e home (misterio da encarnación)

PROCEDEMENTOS

- Localizar e analizar textos bíblicos que fundamentan as grandes afirmacións da fe católica.

ACTITUDES

- Valor da fe en Deus como expresión da apertura do home á transcendencia e cauce da realización humana. Actitude de respecto ante o feito maioritario da crenza en Deus.
- Interese por coñecer e comprender a fe da Igrexa de Deus.

UNIDADE 2: A vida cristián

CONCEPTOS

- A Igrexa no mundo contemporáneo.
- Caracter comunitario e celebrativo da liturxia católica.
- A práctica actual dos sacramentos e a súa importancia na vida da Igrexa.

PROCEDEMENTOS

- Investigar e analizar datos sobre a acción da Igrexa no campo da cultura, a educación e a promoción social.
- Discernir, analizar e valorar as informacións sobre a actividade da Igrexa na actualidade.
- Analizar textos do maxisterio actual da Igrexa sobre a súa vida interna e sobre o compromiso dos cristiáns no mundo actual.

- Interpretar os signos e símbolos relixiosos, os ritos e as celebracións a partir da súa significación orixinal e da súa evolución histórica.

ACTITUDES

- Valor da relixión como expresión da apertura do home á transcendencia e cauce da realización persoal.
- Interese por coñecer a aportación do cristianismo nos distintos ámbitos da actividade humana.
- Valor da liturxia na vida e misión da Igrexa.
- Interese por coñecer os valores humanos que encerra a liturxia nas súas diferentes expresións.

UNIDADE 3: A sociedade en que vivimos

CONCEPTOS

- A integración dos cristiáns na sociedade actual: solidariedade, transformación das estruturas, compromiso por un mundo mellor, opción polos pobres.

PROCEDEMENTOS

- Analizar, comparar e valorar as diversas concepcións éticas que predominan na sociedade actual.
- Descubrir e analizar os criterios que rexen o compromiso social dos cristiáns.

ACTITUDES

- Actitude crítica e constructiva ante as realidades económicas, políticas e culturais vixentes na sociedade.
- Interese por adquirir compromisos en pro da convivencia humana e da constucción dun mundo mellor.

UNIDADE 4: Decidir, para atopar a felicidade

CONCEPTOS

- Fundamentación da dimensión ética da vida humana.
- A moral cristián: fundamentos, peculiaridades, criterios.

PROCEDEMENTOS

- Analizar, comparar e valorar as diversas concepcións éticas que predominan na sociedade actual.

ACTITUDES

- Valor da fidelidade á propia conciencia e do sentido da responsabilidade.
- Toma de conciencia dos propios criterios e formas de pensar e de comportarse.
- Interese por adquirir unha escala de valores que oriente a conducta, as opinións e os compromisos sociais e persoais.

UNIDADE 5: Responsables ante a vida

CONCEPTOS

- A moral cristián: fundamentación, peculiaridades, criterios.
- Aplicación da moral cristián a problemas concretos da moral persoal e social.

PROCEDEMENTOS

- Analizar e valorar determinados comportamentos éticos segundo o seu contexto histórico.
- Analizar e valorar acontecementos que inciden na dignidade do home e nos seus dereitos.

ACTITUDES

- Respecto á vida propia e á dos demais. Rexeitamento cara a todo aquilo que atenta contra o dereito á vida.
- Valor da sexualidade e da súa integración na personalidade humana en orde ó amor.

UNIDADE 6: A opción de vida

CONCEPTOS

- Práctica actual dos sacramentos e a súa importancia na vida da Igrexa.
- Aplicación da moral cristián a problemas concretos da moral persoal e social.

PROCEDEMENTOS

- Interpretar os signos e símbolos relixiosos a partir da súa significación orixinal e da súa evolución histórica.

ACTITUDES

- Interese por coñecer os valores que encerra a liturxia nos seus diferentes expresións.

- Valor da sexualidade e a súa integración na personalidade humana en orde ó amor.
- Valor do matrimonio e da familia como expresión do amor e cauce de realización persoal e social.

UNIDADE 7: Responsables ante a sociedade

CONCEPTOS

- A Igrexa no mundo contemporáneo: o seu carácter misioneiro e o seu posicionamento ó servizo do ser humano e da sociedade.

PROCEDEMENTOS

- Investigar e analizar datos sobre a acción da Igrexa no campo da cultura, educación e promoción social.
- Discernir, analizar e valorar as informacións sobre a actividade da Igrexa na actualidade.
- Analizar textos do maxisterio actual da Igrexa sobre a súa vida interna e sobre o compromiso dos cristiáns no mundo actual.

ACTITUDES

- Valor da acción misioneira da Igrexa ó servizo do evanxeo e do desenvolvemento dos pobos.
- Respecto das institucións mediante as cales se fai presente na actualidade.
- Interese por coñecer a aportación do cristianismo nos distintos ámbitos da actividade humana.

UNIDADE 8: Unha vida feliz e para sempre

CONCEPTOS

- Visión do más alá do home e do mundo nas diversas relixións.
- A esperanza dos cristiáns nun ceo novo e nunha terra nova, sentido da morte do Señor, a resurrección dos mortos.
- O compromiso dos cristiáns no mundo: retos que da ciencia e da técnica.

PROCEDEMENTOS

- Seleccionar e valorar datos e informacións sobre a evolución científico-técnica e as súas repercusións na actividade humana.

- Localizar e analizar textos bíblicos e do maxisterio que fundamentan as grandes afirmacións da fe católica.
- Analizar e comparar as diversas crenzas no máis alá.

ACTITUDES

- Valor da salvación outorgada por Deus ó xénero humano e á creación enteira. Compromisos que dimanen dela.
- Valoración do compromiso cristián na vida pública e na construción dun mundo mellor. Admiración das persoas que traballan pola solidariedade, a xustiza, a paz e a liberdade.

4.4.5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Describilo puntos esenciais da antropoloxía cristián en diálogo con outros sistemas de interpretación da Biblia.
- Identificar e valorar as actitudes e valores básicos compartidos con outras confesións, a tolerancia activa e a colaboración a favor dos que sofren.
- Saber expresar os contidos fundamentais da mensaxe de Deus Pai a través dos principais acontecementos da Biblia.
- Describir en qué consiste a fe cristián e cómo os cristiáns viven e celebran a fe.
- Valorar as celebracións cristiáns e a súa aportación á cultura e á fe dos pobos.
- Situar no tempo e no espazo os principais acontecementos da vida da Igrexa, dende o final da Idade Media ata os nosos días.
- Describila acción evanxelizadora da Igrexa nas diversas partes do mundo e saber discriminar os seus acertos e os seus erros.
- Coñecer os modelos de vida máis importantes da historia da Igrexa e o seu testemuño para a comunidade cristián.
- Describila aportación cultural, social e relixiosa da Igrexa a través da historia.
- Fundamentar o sentido e a realidade da esperanza cristián e a fe na vida eterna.

5. PROXECTO DIDÁCTICO BACHARELATO.

5.1. Curso Primeiro

5.1.1. Obxectivos xerais

5.1.2. Obxectivos mínimos

5.1.3. Contidos.

5.1.4. Criterios de avaliación

5.1. CURSO PRIMEIRO

5.1.1. OBXECTIVOS XERAIS

Esta materia ten que contribuír a que os alumnos/as consigan as seguintes capacidades:

- Recoñecer a importancia e universalidade do feito relixioso nas diferentes culturas, con especial detemento na importancia e significación do feito relixioso cristiá na cultura actual.
- Coñecer unha síntese actualizada dos contidos esenciais da fe cristiá.
- Descubrir a dignidade do ser humano, o valor da vida, o sentido transcendente do home, créao a imaxe e semellanza de Deus, planificado en Cristo, deus e Home.
- Profundizar na relación e mutua aportación da fe e a cultura.
- Coñecer a doutrina social da Igrexa católica para analizar e interpretar a realidade socio-económica e cultural do mundo.
- Valorar a dimensión ética do home á luz da mensaxe cristiá para participar activa e responsablemente na vida e a transformación social.
- Descubrir os valores humanos do cristianismo e das distintas relixións contrastándoos cos valores dos humanismos de noso tempo.
- Adquirir unha actitude de respecto, valoración e diálogo coas demais persoas de diversa cultura, mentalidade e cosmovisión para lograr unha convivencia social en paz e concordia.
- Desenvolver o coñecemento, a sensibilidade e o gusto ante as manifestacións da arte relixiosa que enriquecen o patrimonio universal.

5.1.2. OBXECTIVOS MÍNIMOS.

- Identificar as cuestións sobre o sentido da vida e valorar a importancia que estas teñen para a felicidade persoal.
- Captar a importancia do «proxecto persoal de vida» como instrumento para encauzar a propia vida e comprender as implicacións da proposta cristián nese proxecto.
- Saber interpretar as diferentes maneiras que ten o arte de presentar o relixioso e descubrir a mensaxe cristiá no arte.
- Comprender que orde social que impera hoxe no mundo constitúe unha violación á dignidade da persoa e ó dereito dos pobos e comprometerse en colaborar na mellora do mesmo.

5.1.3. CONTIDOS.

A proposta de contidos organízase nos seguintes núcleos temáticos que poden estar abertos ós distintos enfoques e matices que enriquecen calquera proxecto didáctico.

⇒ NÚCLEO DIDÁCTICO 1º: O proxecto de Deus sobre o home, realizado en Xesús Cristo.

Xesús Cristo, Deus e home, realiza o seu proxecto divino de salvación do home, polo seu misterio pascual, creado a imaxe e semellanza de Deus. O home novo que nace do amor de Deus coopera e intégrase no reino de Deus.

- O Decálogo como fonte de liberación e salvación.
- A salvación realizada e ofrecida por Xesús Cristo, plenitude da lei.
- O Reino de Deus incoado na terra e planificado na eternidade.
- A resposta do home á oferta salvadora de Deus e os valores fundamentais.
- O home novo que participa desta salvación.
- A Mensaxe de Cristo ante os distintos interrogantes do home de hoxe.

⇒ NÚCLEO DIDÁCTICO 2º: A Doutrina Social da Igrexa.

A finalidade principal deste núcleo é estudar os problemas sociais e a resposta cristiá contida nos documentos máis significativos do Magisterio da Igrexa, o compromiso dos católicos na vida pública e como constructores da paz.

- Dimensións da vida cristiá como compromiso persoal.
- Principios e fundamentos da Doutrina Social da Igrexa.
- Coñecemento do contido das Encíclicas sociais.
- Os católicos ante os seus compromisos cívicos e sociais.
- Fundamentación humana e evanxélica da construción da paz e da civilización do amor.

⇒ NÚCLEO DIDÁCTICO 3º: A fe cristiá e os humanismos contemporáneos.

Este núcleo presenta a fe como saber razoable. Comprende o estudo crítico dos grandes pensadores cristiáns, agnósticos e ateos que están na raíz dos principais humanismos actuais; o humanismo de inspiración cristiá aberto á transcendencia; o diálogo da fe coa cultura, a ciencia e a técnica.

- A dimensión relixiosa do home e as súas distintas expresións.
- O humanismo cristiá como resposta ó sentido da vida: grandes pensadores cristiáns.

- A aportación da fe ós planteamentos que fan no mundo actual a ciencia e a técnica sobre a persoa humana.
- Lectura da realidade dende a fe.
- As grandes relixións e o cristianismo.
- Humanismos actuais de inspiración non cristiá.

⇒ NÚCLEO DIDÁCTICO 4º: Expresións relixiosas na cultura dos pobos.

Trátase de estudar expresións relixiosas nas diversas artes, nos medios de comunicación e en xeral na cultura humana, que revelan o sentido relixioso dos pobos.

- O sentido relixioso na arte.
- As artes plásticas e o sentido transcendente da vida.
- O feito relixioso nos medios de comunicación social.

5.1.5 CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Sintetizar os contidos fundamentais da mensaxe cristián en referencia ás fontes bíblicas e doutrinais da Igrexa e describir os valores fundamentais do reino de Deus e do home novo.
- Describir a resposta cas relixións e humanismos deron á cuestión sobre o home e o sentido da súa vida e a resposta que da a fe católica.
- Detectar os valores e contravalores dominantes na sociedade actual, describir os valores fundamentais da Moral cristián e analizar os conflitos que plantexa actualmente a vivencia dos valores cristiáns no campo da sexualidade, na valoración da vida e no campo social para obrar en consecuencia co Evanxeo.
- Identificar, observar e describir un acontecemento e/ou un problema social relevante, obter información sobre ese tema a partir dos medios de comunicación social e valoralo á luz dos criterios morais cristiáns.
- Estudiar algunhas manifestacións artísticas e culturais e saber describir a expresión de seu sentido relixioso.
- Participar en debates sobre temas e feitos de actualidade que teñan que ver cos grandes contidos estudados confrontando as propias conviccións coas mantidas por outros e en referencia á Relixión e Moral Católica.

6. CRITERIOS METODOLÓXICOS

Ó longo do curso pretendese que o alumnado da ESO adquira os coñecementos suficientes para superar a materia, polo tanto vaise ter en conta:

- a) Partir do nivel de desenvolvemento do alumno, nos seus distintos aspectos, para construír, a partir de aí, outras aprendizaxes que favorezan e melloren o devandito nivel de desenvolvemento.
- b) Subliñar a necesidade de estimular o desenvolvemento de capacidades xerais e de competencias básicas e específicas por medio do traballo das materias.
- c) Dar prioridade á comprensión dos contidos que se traballan fronte á súa aprendizaxe mecánica.
- d) Propiciar oportunidades para poñer en práctica os novos coñecementos, de modo que o alumno poida comprobar o interese e a utilidade do aprendido.
- e) Fomentar a reflexión persoal sobre o realizado e a elaboración de conclusións con respecto ao que se aprendeu, de modo que o alumno poida analizar o seu progreso respecto dos seus coñecementos.

Todos estes principios teñen como finalidade que os alumnos sexan, gradualmente, capaces de aprender de forma autónoma.

En canto a Primeiro de Bacharelato pretendese:

- a) Proporcionar os/as rapaces unha formación cristiá, segundo a Doutrina e Moral Católica, que lles axude a integrar na súa identidade persoal e social os valores inherentes ó diálogo da fe coa cultura.
- b) Brindarlles unha preparación para a vida pola cal os alumnos/as podan desempeñar súas funcións sociais con responsabilidade moral segundo o espírito do evanxeo.
- c) Ofrecer ós alumnos/as a orientación cristián necesaria para responder ós problemas e interrogantes de noso mundo que lles permita actuar dunha maneira responsable e solidaria.
- d) Procurar que o compromiso cristiá dos alumnos/as se afiance nos valores coma paz, xustiza, solidariedade, amor o próximo.



Polo tanto ter en conta, coma na ESO, as seguintes liñas metodolóxicas:

- O protagonista da aprendizaxe é o alumnado, coa súa propia actividade.
- Partimos dunha ensinanza xa prefixada, é dicir, os alumnos/as teñen coñecementos previos.
- Quen aprende constrúe activamente significados establecendo relacións entre o seu esquema mental e os estímulos externos. Só así se pode acadar unha aprendizaxe significativa.

7. DISTRIBUCCIÓN DO ALUMNADO.

O alumnado ó longo do presente curso 2007/2008 estará repartido da forma seguinte:

CURSOS	TOTAL ALUMNADO	ALUMNADO RELIXIÓN
PRIMEIRO DE E.S.O.	121	84
SEGUNDO DE E.S.O.	158	150
TERCEIRO DE E.S.O.	143	88
CUARTO DE E.S.O.	125	84
PRIMEIRO DE BACHARELATO	102	87



8. ACTIVIDADES.

A parte das diferentes actividades que se propoñen nos libros de texto é importante que o profesorado faga uso de outras que lle poidan servir para conseguir os obxectivos que se teñen previstos:

- ◆ Posibles visitas a diferentes lugares que poidan servir coma ponte entre a vida cotiá e as manifestacións artísticas de índole relixiosa: museos, catedrais, igrexas...
- ◆ Conferencias/charlas por parte das diferentes delegacións da Diocese, como pode ser a Delegación de Pastoral Xuvenil ou a Delegación de Vocacións de cara a un acercamento do alumnado a realidade diocesana.
- ◆ Uso de medios de comunicación social que poidan servir para unha maior unión coa sociedade onde están inmersos os rapaces/as
- ◆ Uso de audiovisuais que poidan servir como material complementario na aula.
- ◆ Traballos en grupo, que serven para que o alumnado se acostume a compartir non só coñecementos senón tamén o seu tempo, e os seus materiais.
- ◆ Lecturas complementarias que sirvan de cimentación para o estudado na aula.

9. AVALIACIÓN.

Non entendemos a avaliación como un exercicio final que mida os coñecementos dos alumnos, senón como un proceso mediante o que detectamos se o alumno adquiriu as capacidades expresadas nos obxectivos.

Trátase, por tanto, dunha avaliación continua, que se estende a tódolos momentos da acción docente. Nos materiais de Relixión esta avaliación continua concrétase da seguinte maneira:

- ☒ As actividades iniciais de cada unidade didáctica ofrecen elementos suficientes para realizar o diagnóstico da situación dos alumnos (avaliación inicial).
- ☒ As actividades de estudo inclúen numerosos exercicios que pretenden mellorar a acción docente mediante a continua observación e reflexión conxunta (avaliación formativa).
- ☒ As actividades de aplicación, globalización e avaliación potencian non só a avaliación dos contidos conceptuais, senón tamén a dos procedimentais e actitudinais. As redes conceptuais que se inclúen son un instrumento eficaz para realizar a avaliación sumativa. Esta non pechará o proceso, senón que conducirá a decisións e accións que á súa vez seguirán sendo avaliadas en momentos posteriores.
- ☒ Realizaranse probas periódicas sobre os contidos, tanto na ESO como en Primeiro de Bacharelato, para intentar lograr o maior número posible de obxectivos programados.
- ☒ A nota final da materia, tanto ó longo das avaliacións como a final, será a suma do logrado en conceptos, procedementos e actitudes. Tendo o seguinte valor:

PROBAS	60% da nota
TRABALLO	30 % da nota
ACTITUDE	10% da nota

- ☒ Tódolos alumnos e alumnas terán dereito a unha proba no mes de setembro senón son capaces de superar os obxectivos marcados para este curso, proba que consistirá para o alumnado da ESO dun exame no que se defenda os conceptos máis importantes do temario e para o Primeiro de Bacharelato consistirá nun comentario de texto e tamén nunhas cuestións de teoría dos temas dados.

9.1. ALUMANDO COA MATERIA PENDENTE

Partindo dos criterios de avaliación na materia de Relixión que non son outros de que a avaliación é continua e polo tanto formativa (continua observación e reflexión conxunta) e sumativa (conducindo as decisións e accións a ter en conta para ser avaliadas en momentos posteriores). A avaliación será a suma do logrado en conceptos, procedementos e actitudes; polo tanto, o alumnado que teña a materia pendente do curso anterior logran superala si aproba a segunda avaliación do curso onde estea matriculado.

De tódolos xeitos terán dereito, se a si o queren, a unha proba no mes de maio e outra no mes de setembro senón logran superar a materia.

10. ATENCIÓN A DIVERSIDADE.

A variedade de alumnos, de centros e de ambientes culturais requiriría a elaboración duns materiais específicos para cada caso, e máis aínda na área de Relixión.

Nos nosos materiais tívose en conta esta circunstancia de diversidade e bríndanse múltiples posibilidades de traballo capaces de atender a colectivos de diversa índole. Non obstante, é o profesor, no contexto concreto da súa clase, o que debe seleccionar qué contidos deben ser traballados e cales non. El é quen debe marcar qué pasos hai que seguir e qué metas hai que acadar.

Nas unidades didácticas inclúense contidos para aqueles alumnos que poden ampliar o desenvolvemento das súas capacidades. Tamén se teñen en conta os alumnos con dificultades para realizar todo o desenvolvemento do proceso. Pensando nestes, ofrécense sínteses moi breves e actividades sinxelas que facilitan o desenvolvemento axeitado.

En cada unidade didáctica, e especialmente no libro de programación, danse indicacións específicas para o tratamento da diversidade e suxírense exercicios de reforzo e de ampliación.

11. TEMAS TRANSVERSAIS.

O sistema educativo debe recoller e potenciar os valores que se requiren para vivir en sociedade dunha forma libre, responsable e igualitaria.

A área de Relixión e Moral Católica os asume e os fundamenta dende unha perspectiva cristián.

Estes temas transversais están presente ó longo de todo o proxecto educativo:

- Están presente nas actividades iniciais das diferentes unidades didácticas.
- Están implicados en diversas actividades de aplicación.
- Están vinculados ós contidos conceptuais, procedimentais e actitudinais.

Educación para convivencia (moral e cívica).

A partir de esta educación derivan actitudes nos rapaces/as de tolerancia, respecto e non discriminación. Aquí é importante subliñar os valores cristiáns de amor, caridade, unión, comunidade, perdón, solidariedade, comprensión, universalidade, etc., como o aporte cristián a unha cultura universal da igualdade.

Educación para a paz.

Temos que valorar a importancia da “paz” no mundo cristián, frases de Xesús coma: “Déixovo-la miña paz, dóuvo-la miña paz...”, “Que a paz sexa convosco...”,etc., fanse explícitos en momentos históricos concretos nos que a Igrexa xogou un papel moi importante como intermediaria en conflitos bélicos. Por outra parte, dicir que tamén se critican accións contrarias e, co Papa, denúncianse os “pecados históricos”.

Educación non sexista.

Temos que destacar que para o cristianismo todos/as somos iguais, é destacable que Deus elixiu mulleres para misión moi especiais: María, Éster, Xudit, Teresa de Xesús, etc.

Educación sexual.

Valóranse os criterios de Xesús Cristo e da Igrexa: respecto ó propio corpo, elevación do matrimonio á categoría de sacramento, etc.

Presentase a sexualidade como expresión de persoa.

Educación multicultural.

É importante destacar o papel da Igrexa e dos valores cristiáns a hora de abolir a escravitude e para loitar polos dereitos dos pobos aborixes, e tamén unha crítica para os momentos nos que non foi así.

Destacar que á igrexa actual é unha institución na que caben tódalas razas, tódalas linguas, tódalas nacionalidades...

12. MATERIAIS DE APOIO.

En primeiro lugar os textos por excelencia, que se deben ter en conta son os textos da Sagrada Biblia, despois tamén poderían ser interesantes os seguintes:

- CONFERENCIA EPISCOPAL ESPAÑOLA (Comunicado de la XXV Asamblea Plenaria): La participación política y social PPC, Documentos de estudios, 13, Madrid 1977.
- CONFERENCIA EPISCOPAL ESPAÑOLA: Los católicos en la vida pública. EDICE, Madrid, 1986.
- CONFERENCIA EPISCOPAL ESPAÑOLA: La verdad os hará libres. EDICE, Madrid, 1990.
- CONFERENCIA EPISCOPAL ESPAÑOLA: Constructores de la paz. EDICE, Madrid, 1986.
- JUAN XXIII: Encíclica *Pacem in terris*. (1963)
- JUAN PABLO II: Exhortación Apostólica *Familiaris consortio*. (1981)
- JUAN PABLO II: Encíclica *Laborem exercens* . (1981)
- JUAN PABLO II: Encíclica *Redemptoris missio*. (1990)
- JUAN PABLO II: Encíclica *Veritatis Splendor*. (1993)
- BENEDICTO XVI: Encíclica: *Deus caritas est* (2005)
- CONCILIO VATICANO II: Constitución Pastoral *Gaudium et Spes*. (1965)
- CONCILIO VATICANO II: Declaración sobre la Educación Cristián. Número 1 (1965).
- CONCILIO VATICANO II: Constitución Pastoral *Gaudium et Spes* .(1965)
- DECLARACIÓN DOS DEREITOS HUMANOS.

Tamén servirán de apoio todos aqueles materiais relacionados coa materia como poden ser: películas de vídeo, DVD, power point, diapositivas, transparencias...

13. LIBROS DE TEXTO.

Os libros de textos para este curso 2007/2008 serán os seguintes:

- VARIOS: Proxecto Emaús: Relixión Católica. 1º ESO. Editorial: PPC/SM, Madrid, 2007
- VARIOS: Bétel: Relixión Católica. 2º ESO. Editorial: PPC/SM, Madrid, 1999
- VARIOS: Proxecto Emaús: Relixión Católica. 3º ESO. Editorial: PPC/SM, Madrid, 2007
- VARIOS: Bétel: Relixión Católica. 4º ESO. Editorial: PPC/SM, Madrid, 1999
- VARIOS: Relixión Católica. Bachillerato. Editorial: PPC/SM, Madrid, 1999

Vilalba a de Outubro de 2007

Asdo. / M^a José Vila Barreiro

Asdo. / Genoveva Quintela Rego

Asdo. / Mercedes Penedo Guillazza

(Xefa de Departamento)

